

## DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE

(1) Establécese alerta por *episodio de fenómenos meteorolóxicos* con incidencia no noso Concello.

Tipo de fenómeno meteorolóxico: **VENTO**

Nivel de alerta: **LARANXA**

Data: **Martes 26/12/2017**

Horario previsto: **15.00 a 24.00 horas**

Datos:

- Refachos de vento superiores a 90 – 100 km/h.



Afectación principal:

- Traballos ao aire libre.
- Actividades culturais, deportivas ou recreativas ao aire libre.
- Desprazamentos por rúas e estradas, e principalmente a pé.
- Estruturas provisionais exteriores.

(2) Medidas establecidas polo Concello de Ferrol:

- Suspensión de tódalas actividades culturais, deportivas, recreativas e espectáculos públicos, dependentes do Concello, realizadas o aire libre.
- Peche das instalacións deportivas con actividades o aire libre.
- CECOPAL (Centro de Coordinación Municipal de Operativos) en situación de alerta, ao igual que os grupos operativos dependentes do Concello.
- Informar a os diferentes departamento do Concello afectados pola situación indicando a necesidade de, no seu caso, alertas as empresas externas contratadas.

(3) Recomendacións á cidadanía, entidades e empresas para previr posibles incidencias.

**A) Medidas para a protección das persoas e bens (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia).**

1. Evitar saír da casa, sobre todo, as persoas maiores. No caso de ter necesidade urxente de saír fora da súa casa:
  - a) camiñar preto das fachadas de casas sólidas (non ruinosas),
  - b) vixia-la posible caída de obxectos,
  - c) Non achegarse ós valados, carteis de anuncios, postes de madeira, árbores, etc.
2. Se o sorprende o temporal, busque refuxio.
3. Non utilice vehículos lixeiros, nin aqueles outros que teñan pouca estabilidade (bicicletas, motos, etc.).
4. Peche e asegure fiestras e portas.
5. Retire de fiestras e balcóns todos aqueles obxectos que poidan desprenderse e causar danos.
6. Sitúe os vehículos protexidos do vento.
7. Se o sorprende o temporal no coche, non se quede nel, refúxiese en calquera lugar próximo de maior seguridade.

8. É importante sinalar no caso de alerta laranxa/roxa por fenómenos costeiros o enorme perigo que supón para as persoas achegarse as praias, a costa e os peiraos por motivos de traballo ou coa intención de ver a ondada.

**B) Medidas en relación as diferentes instalacións escolares, culturais e/o de ocio:**

- Limite ou suprima as actividades ao aire libre.
- Evite a saída do centro (recreos, desprazamentos, etc.).
- Peche e asegure portas e fiestras.
- Retire obxectos de fiestras e balcóns.
- Respecte todas as recomendación atendidas no punto A.

**C) Recomendación en relación as empresas (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia e recomendacións do INSHT):**

- Suspensión dos traballos sobre cubertas, retirando calquera material ou ferramenta que poida caer dende a mesma.
- Suspende os traballos sobre estadas e retirar calquera material ou ferramenta que poida caer do mesmo.
- Asegurar estadas, guindastres, valados, carteis e outros elementos (fixos ou móbiles) que poidan quedar afectados polo temporal.
- Realizar correctamente a posta en servizo das grúas, en especial a posta en catavento, movela ao lugar de seguridade e amarrala á vía si se dispón dela.
- Suspende o traballo das grúas en canto o anemómetro emita sinal de aviso deseguido.
- Comprobar que non se colocan na grúa elementos alleos a mesma, como carteis na torre ou material na pluma.
- Evitar os traballos no exterior e seguir as recomendacións do punto A.

Atentamente



Santiago Troitiño Guerrero.

Coordinador de Seguridade en funcións.